

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Rianxo Madruga Curso 2026-2027

ANTECEDENTES

O Concello de Rianxo vai desenvolver a actividade Rianxo Madruga curso 2026/27, dirixido a familias do Concello de Rianxo, co ánimo de favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. A actividade vaise a realizar dende o 9 de setembro de 2026 ao 21 de xuño de 2027, nas instalacións do CEIP ADR Castelao, CEP Brea Segade Taragoña, e no CEIP Ana Ma Diéguez de Asados, en datas lectivas, cun número de 60 participantes.

Elaborado o Calendario e Bases de inscrición para o Rianxo Madruga 2026 polo Servizo de Educación e Apoio Familiar.

Aprobado o calendario e bases en Xunta de Goberno Local ordinaria con data 15.07.2026.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o número de prazas dispoñibles segundo centro educativo:

Instalación	Prazas
C.E.I.P. Ana María Diéguez de Asados	15
C.E.P. Brea Segade de Taragoña	15
C.E.I.P. A.D.R. Castelao de Rianxo	30

SEGUNDO.- Aprobar o período de presentación de solicitudes que comezará o **22 de xullo ata o 14 de agosto**, ámbolos dous incluídos.

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello ou ben na sede electrónica do Concello de Rianxo a través do formulario dispoñible para tal fin.

TERCEIRO.- Aprobar o número mínimo de usuarios e usuarias que se teñen que inscribir na modalidade de usuario/a fixo/a para poder desenvolver a actividade.

Instalación	Número mínimo de inscricións na modalidade usuario/a fixo/a
C.E.I.P. Ana María Diéguez de Asados	5
C.E.P. Brea Segade de Taragoña	5
C.E.I.P. A.D.R. Castelao de Rianxo	5

CUARTO.- Publicar o calendario e Bases de inscrición de Rianxo Madruga. Curso 2026-2027 na web municipal e no Taboleiro de Anuncios para a súa difusión e abrir o prazo de inscrición conforme se indica nesta resolución.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía, do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, dá fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).